



Deputación
Pontevedra



Deputación
Pontevedra



Data Rexistro: 11/11/2025 12:43:10
Nº Rexistro: 2025001209



SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
taria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

CCR/Ms/Ca

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 31 de outubro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Paco Ferreira González.

25.8536.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Preguntas.

Sr. Presidente.- Ten a palabra deputado socialista Paco Ferreira.

Sr. Paco Ferreira González.- Gracias Presidente unha pregunta, ¿queríamos saber si xa está rematado o proxecto da estrada EP-2108 de acceso a Donas?, e ¿cando pensa chamar o alcalde dese concello para asinar o convenio dende esta Institución?

Sr. Presidente.- Son dúas preguntas.

Sr. Paco Ferreira González.- No, van xuntas.

Sr. Presidente.- Foron dúas preguntas, foron dúas. De momento, contar sei. Si, si, si, si, si, non, contar sei, contar sei. Dúas preguntas.

Sr. Paco Ferreira González.- ¿Como dúas preguntas?. Pregunto, pregúntolle ¿como vai o proxecto? e ¿cando ten pensado chamar ao alcalde?. No. No, no, no. No, cando, como, como, a ver, a ver.

Sr. Presidente.- Pero mire, quenes instauraron isto da contabilidade das preguntas foron vostedes cando estaban aquí, é que...

Sr. Paco Ferreira González.- A ver Presidente, si estou eu.

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 11 de novembro de 2025.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Paco Ferreira González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-

Pleno ordinario 31-outubro-2025

1

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0094**
Cargo: Secretario
Data: 11/11/2025 11:48



Preguntas efectuadas polo deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Don Paco Ferreira González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 31 de outubro de 2025:

1ª PREGUNTA:

Queríamos saber si xa está rematado o proxecto da estrada EP-2108 de acceso a Donas

RESPOSTA:

O Concello de Gondomar comunicou á Deputación de Pontevedra o acordo plenario polo que se aproba unha moción presentada polo grupo do Partido Popular solicitando a inclusión das actuacións de saneamento no proxecto de mellora da estrada EP-2108 de acceso a Donas, xa que o proxecto non o contemplaba e debería ser unha das accións centrais da actuación. Non se entende que no anterior mandato a deputada e concelleira de Gondomar, Dona Iria Lamas, non incluíra o saneamento neste proxecto. A inclusión desta actuación necesaria neste proxecto implica ter que reformulalo cos trámites e prazos administrativos que todos coñecemos. Estamos traballando nelo.

2ª PREGUNTA:

¿Cando pensa chamar o alcalde dese concello para asinar o convenio dende esta Institución?

RESPOSTA:

O presidente da Deputación de Pontevedra mantén sempre a súa disposición para atender aos alcaldes e alcaldesas da provincia. Unha vez concluídos os trámites administrativos necesarios procederase coma co resto dos alcaldes.

Asinado dixitalmente.

